

IV PREMIO DE INVESTIGACIÓN EN ECONOMÍA DE GALICIA “VALENTÍN PAZ ANDRADE”

IDEGA E CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL- 2017

Entidades convocantes

O Premio “Valentín Paz Andrade” de Investigación en economía de Galicia é convocado conxuntamente con carácter anual polo Consello Económico e Social de Galicia e o Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC.

Neste ano 2016 convócase a súa cuarta edición.

Obxecto

Premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns.

Requisitos

O Premio ten dúas modalidades:

1. Traballos publicados en revistas científicas ou en editoriais recoñecidas, entre o 15 de outubro de 2016 e o 14 de outubro de 2017.
2. Teses de doutoramento, presentadas en calquera universidade entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 14 de outubro de 2017.

Os textos poderán estar redactados en calquera idioma.

Presentación de candidaturas

Entre o 1 de setembro e o 15 de novembro de 2017, calquera profesor, investigador ou institución pode facer chegar á secretaría do IDEGA en horario de 9 a 14 horas, ou ben enviadas por correo postal a: IDEGA-Avda. das Ciencias, Chalet nº 1 Campus Vida – 15782 Santiago de Compostela, a súa proposta de candidatura ao premio, con indicación de autoría, título e información de edición, engadindo una copia en papel e indicación dun mecanismo de acceso electrónico ao recurso (ou copia en soporte USB).

Composición do xurado

O Xurado estará composto polos seguintes membros:

- O REITOR DA USC, que o presidirá
- A PRESIDENTA DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA
- O DIRECTOR DO IDEGA, que actuará de secretario
- UN MEMBRO DO CONSELLO CIENTÍFICO DO IDEGA, designado por este
- UN MEMBRO DO CONSELLO ECONÓMICO-SOCIAL, designado por este
- TRES PERSOAS DE TRAXECTORIA RECOÑECIDA NA INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS EN GALICIA.

Criterios e método

A resolución do Xurado terá en conta os seguintes criterios:

- Relevancia da contribución para o progreso do coñecemento da realidade socioeconómica de Galicia
- Relevancia da contribución para a mellor asignación dos recursos, o impulso ao crecemento , ao emprego e á consecución de cotas máis altas de equidade

Despois das oportunas deliberacións, cada membro do Xurado elixirá unha contribución de entre as presentadas. Procederá de seguido á votación entre as mesmas, sendo eliminada en cada rolda aquela ou aquelas que teñan menos apoios. Na rolda final efectuarase unha votación entre as dúas contribucións finalistas.

O Xurado emitirá unha resolución razoada do seu fallo.

O fallo farase público antes do 20 de decembro de 2016.

Dotación

- Modalidade 1: 2.000€.
- Modalidade 2: 1.000€